

C. Ares Vázquez / P. Iglesias Sierra (2004): “O léxico da montaña en A. Noriega Varela”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 569-588.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## O LÉXICO DA MONTAÑA EN A. NORIEGA VARELA

*Carme Ares Vázquez*  
*Primitivo Iglesias Sierra*

Escola Universitaria de Maxisterio (Lugo). Universidade de Santiago de Compostela  
IB A Nosa Señora dos Ollos Grandes-Lugo

Con esta comunicación pretendemos contribuír ó estudio do léxico empregado polo poeta mindoniense Antonio Noriega Varela (1869-1947) na súa produción literaria. Limitámonos á súa obra *D'o Ermo*, libro central da súa creación poética, e para a nosa análise seguímo-la última edición feita baixo a responsabilidade do propio poeta: *D'o Ermo*, Tip. La Voz de la Verdad, Lugo, 1946, 4ª ed.<sup>1</sup> coa que se corresponden, polo tanto, as indicacións de páxina e verso ou versos que aparecen ó lado de cada palabra ou contexto.

Non pretendemos facer unha análise exhaustiva de todo o corpus léxico da obra. O obxecto do presente traballo é a caracterización do léxico co que Noriega fai referencia á **montaña**, tema recorrente na súa obra.

<sup>1</sup> Esta edición vén sendo unha recompilación da obra poética completa do autor que inclúe *A Virxen y-a paisaxe*, *Montañesas*, *D'o Ermo*. Na súa dilatada traxectoria poética, A. Noriega, en realidade, non escribiu máis que un libro que pasou por sucesivas transformacións. Carballo Calero (1981:522, nota 1) presenta o seguinte cadro das sucesivas edicións do libro de Noriega:

1ª edición: *Montañesas*, Luarca, 1904.

2ª edición: *Montañesas*, Mondoñedo, 1910.

3ª edición: *Do Ermo*, Ourense, 1920.

4ª edición: *Do Ermo*, Ourense, 1920.

5ª edición: *Do Ermo*, Mondoñedo, 1928.

6ª edición: *Do Ermo*, Lugo, 1946.

Desde a primeira edición de *Montañesas* (Luarca, 1904) ata a chamada edición luguesa de *D'o Ermo*, o poeta vai mudando de parecer, e engade e retira ó seu antollo textos e dedicatorias.

O seu corpus literario é maior, como podemos observar no libro de X. R. Freixeiro Mato, *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da Obra Completa*, servizo de publicacións da Deputación provincial de Lugo, 1994, onde observamos outros textos de natureza e calidade diversa, desde poemas que entroncan coa liña marcada polos libros editados a outros que mostran unha nova cara do autor (poemas de carácter satírico, humorísticos, de política, de circunstancias... etc.). Pero, para a análise dun campo tan específico como o que enunciámos no título da nosa comunicación pareceunos máis conveniente limitarnos ó estudio de *D'o Ermo*, pola homoxeneidade temática das súas composicións.

Se Cabanillas foi “o poeta da Raza” a Noriega recoñéceselle o distintivo de se-lo “**can-tor da montaña**”. Pero o concepto **montaña** leva consigo outras valencias e derivacións máis amplas que non achamos na obra do poeta de Mondoñedo. No 1969, Aquilino Iglesia Alvariño (1969:14) acoutaba e definía do seguinte xeito o escenario lírico de Noriega:

“Eu situaría a súa montaña entre Lindín, Cadavedo e Montouto. Por estas parroquias que anainan no seu colo –brando de brétemas– a cibdade enfermiña de Mondoñedo, maxino eu ó poeta [...]. Mais esta concepción da montaña, cheia de vida, rechoucheante de niños e seivas novas, onde a roseira de Ovidio e de Catulo abre as súas rosas, roxas i apaixonadas, coa inxénua naturalidade que pedía o desterrado do Ponto Euxino, está moi lonxe do concepto de montaña fragosa, de vida profunda e interior, con erosiós seculares na súa pele, como versos ciclópeos das edades remotas do caos orixinario. I está moi lonxe do ermo isolado do eremita, que él lembra, con todo, algunhas veces [...] e que só atravesa un córvo milagreiro, con un pan no pico para o estilista anxelizado”.

Non se trata, pois, dunha acepción totalizadora da palabra **montaña**. Os referentes da poesía norieguesa hai que situalos, antes que na **montaña**, no seu significado máis amplo, *nos concretos temas da esencia e do vivir montañeses*, que o poeta interiorizou como propios. Noriega foi o **poeta da montaña** que sitúa xeograficamente nas terras altas de Abadín e Pastoriza (Montouto, Romariz, Cadavedo, Lindín... etc.), con ampliación á meseta central da provincia, a denominada Chaira ou Terra Cha de Lugo. Verdadeiro *locus amœnus*, nela a alma do poeta atopará morada ideal e acomodo ós ritmos que o vivir montañés lle marque.

Son moitas as pasaxes da súa obra que caracterizan positivamente este medio físico. É ben significativo o sexto poema do libro *Montañesas* que el titula “A Montaña” onde aparecen os elementos que contribúen á formación dunha paisaxe e dunha modalidade de vida típicamente galega vista e xulgada desde a perspectiva de Noriega. Paga a pena que reproduzámo-lo poema:

Loas que che brindo son  
os meus versos, irta serra,  
porque adoro a tradición,  
y-en par d’o teu corazón  
gardal-as d’a nosa terra.

Non me namora o mar fero,  
que á moitos tanto lles gusta;  
á tí, montaña, ch’eu quero,  
e non morro, porqu’espero  
gozar d’a tua paz augusta.

Teño d’ollo hay moitos anos  
vivir na máis brava cume  
d’a Galicia, entr’os peisanos,  
que, sentados nos escanos,  
invernán preto d’o lume.

D’o que vai pra terra extraña  
contan que aló ben s’apaña;  
pro pol-o millor tesouro  
non troco as froliñas d’ouro  
con que te vistes, montaña.

Si no mundo hay bes seguros,  
que se logran sin conxuros,  
que non demandan traballos,  
son os teus aires, tan puros,  
y-as sombras d’os teus carballos.

¡Cánto a miñ’alma se reve  
na singular fermosura  
d’os encaixes con que a neve,  
sin esquecer uz nin sebe,  
amortaxarte precura!

Cendales e nebra mesta  
de cando en veces che presta  
pra que te conserves briza,  
y-o abandonal-a tua cresta  
nos toxos s' esgarrapiza.

Ó enfundirse o sol detrás  
d'as xigantes cabeceiras  
coido que a abrasarte vas,  
ou que refrexando estás  
laparadas d'as fogueiras.

Cando a sombra te asoballa  
ben si a lua t'agasalla,  
o mellor si non recelas  
que te prive a luz qu' espalla  
d'unh' aureola d'estrelas...

Lucindo xoyas benditas  
¡sempre, montaña, te vexal!  
tel-os cruceiros pr'as citas,  
pr'os devotos as ermitas,  
pr'os mortos o adral d'a igrexa.

Nas tuas covas frecuentadas  
pol-os espritos d'o mal

Tamén no poema “Sabem as ilusiós miñas” de *D'o Ermo*, que ben pode considerarse emblema do seu discurso poético, aparecen expostas boa parte das claves que nos permiten dexergalos principios lingüísticos e estéticos nos que se funda o corpus lírico do poeta:

Sabem as ilusiós miñas  
d'un carreiriño brañego,  
entr'orballadas espiñas.

Despértamo a lus febea,  
y-a través d'os piñeirales  
devagariño serpea.

Ó pé d'un Cristo s' enrosca  
dond'a queiroguenta serra

hay diamantes ás presadas,  
reinas moras encantadas  
e palacios de cristal.

Tu'a é Santa Compañía,  
tu'a Pantasma, qu' espía  
as bouzas y-esperta o medo  
pra que se recollan cedo  
as nenas que van á fia.

Non é gallego quen t'axe,  
quen, serra, che teña zoña,  
xa qu'herdaches o linguaxe  
enxebre, o típico traxe,  
y-a gaita e máil-a zanfoña.

¡Concédame o Ceyo a mín  
que volv'a donde subín  
co-a bota na moca ó lombo  
y-os queixumes d'o violín!

Lembrando festas sonadas  
inda quizá bailarei,  
¡jou, montaña!, nas ruadas,  
co-as fillas d'as ben amadas  
carpazonas, que roldei. (pp. 55-58)

e máis ourizada e fosca,  
E por un ermo s'estende,  
que d'un sabugo s'ufana  
y-a rosmaniño recende.

.....  
.....  
Con moitos predíos a bravo,  
meu pazo ideal vos brindo  
d'o carreiriño no cabo.  
(p. 139)

Ademais destas dúas composicións, das que podemos extrae-la consideración que da montaña ten o autor, poderíamos citar outras moitas que, sumadas a estas, ofrecen unha imaxe integradora e precisa da posición e consideración do poeta verbo deste mundo ga-

lego que el tan ben coñecía e co que sempre se sentiu identificado. No poema “A miña terra” lemos:

A que a y-alma me cautiva  
a que a inspiración me exalta  
a que m’acolheu piadosa,  
a miña terra é a montaña (115.1-4)

A **montaña** acada, pois, unha grande resonancia en Noriega, fronte **ó val** e **ó mar**:

É torpe o mar, que se quebra  
n’un grau d’a area, y-é meigo  
o val; pero as serranías  
son veciñanzas d’o ceyo! (161.1-4)

Tema recorrente na súa poesía, aparece sempre cunha caracterización positiva.

A **montaña** é o seu amor:

Quixeran ser rigueiriños  
y-alcanzárono as folerpas;  
o meu amor (a montaña)  
debalde teimou con elas. (190.1-4)

onde procura embreñarse<sup>2</sup>:

Embreñarme procuro, e feliz fora  
si xa de meu tivera unha casiña  
na fragosa montaña, que alí mora,  
divorciada d’o mundo, a y-alma miña. (200.1-4)

ou:

Na montaña bravía, Pai d’o Ceyo!  
D’o ermo silencioso no ermo seyo  
Embreñarme procuro prontamente. (201.9-11)

A montaña (“os selvosos lugares”) é quen o namora e o inspira:

Asaz selvosos lugares,  
cautivade os meus amores!,  
provocade os meus cantares. (130.1-3)

É a que lle permite unha vida anónima, afastado dos rúidos do mundo:

Aló na terra virxen, terra esquivada  
¡Donde nunca apareza unha alma viva!  
(Tanto aborrezco tropezar co-a xente) (201.12-14)

<sup>2</sup> Palabra formada a partir de *breña*. *Embreñarse* equivale aquí a introducirse de cheo na vida e costumes da montaña, a partir do referente simbólico de *breña*.

onde acha a paz:

A ti, montaña, ch'eu quero,  
e non morro, porqu'espero  
gozar da tua paz augusta (55.8-10)

e coa que quere permanecer unido despois de morto:

porque, ben mirado, a morte  
máis me ha d'unir co-a montaña. (156.7-8)

Desde o punto de vista léxico interesa salienta-los adxectivos cos que o poeta a cualifica:

- *Brava*. Fera, salvaxe, difícil de someter: “brava cume” (55.12).
- *Bravía*. Brava, fera, salvaxe: “montaña bravía” (201.9).
- *Briza*. Vizosa, moi verde: “pra que te conserves briza” (56.18).
- *Escalvada*. Calva, pelada, sen herbas, matas nin plantas: “escalvada montaña” (172.1).
- *Esquiva*. Áspera, esgrevia: “terra virxen, terra esquiva” (201.12).
- *Fragosa*. 1) Escarpada, esgrevia; 2)ateigada de vexetación: “na fragosa montaña” (200.3), “N’hai fragosa montaña tan esquiva” (210.4).
- *Hirsuto (monte)*. Duro, áspero: “no seyo d’o hirsuto monte” (107.8).
- *Irta*. Tesa, dura: “irta serra” (55.2).
- *Irtos (montes)*: “os irtos montes” (61.5).
- *Queiroguenta*. Poboada de queirogas: “queiroguenta serra” (139.8).
- *\*Virxen*. Virxe; non explorada: “terra virxen, terra esquiva” (201.12).

A **montaña** aparece, pois, cualificada por adxectivos que debuxan un cadro de aspeza, dureza e illamento.

Ó igual cós adxectivos sinalados, conforme ás necesidades deste medio, eminentemente rural, estrutúrase lexicamente a lingua empregada por Noriega e observamos que unha boa porcentaxe deste léxico pertence a campos semánticos relacionados directa ou indirectamente coa montaña.

O material é abundante porque, como dixemos anteriormente, o significado que o lexe-ma **montaña** ten para o poeta é amplo e variado.

No tocante á disposición do material recompilado, distribuímolos en varios apartados, dentro dos que inserimos as diferentes palabras, seguindo unha orde alfabética, brevemente definidas, sempre no seu contexto poético, e acompañadas de alomenos un exemplo contextualizador aclarativo do seu uso.

Noriega, ás veces, fai concesións a formas castelás; neste caso aparecerá precedida dun asterisco, figurando ó lado a forma estándar. As formas con flexión numérica son presentadas xeralmente en singular. Dentro dalgúns apartados incluímos diversos subapartados, para unha mellor e máis precisa estruturación do léxico manexado.

Pasamos agora a examina-los elementos léxicos que conforman a montaña norieguesa.

## 1. PAISAXE<sup>3</sup>

Noriega non usa só o lexema **montaña**, senón que bota man doutros sinónimos, entre os que cabe destacar **monte** e **serra** para referirse globalmente a esa natureza que tanto exalta:

Non hay quen faga un labor:  
 ¡cantos marchan no vapor,  
 mozos d'o val e d'a serra  
 que van deixar n'outra terra  
 a virtú d'o seu sudor. (36.16-20)

Delimitamos tres subapartados para a estruturación deste punto:

### 1.1. Partes da montaña (orografía)

Cómpre destaca-la abundancia de sinónimos que emprega para designa-lo cume, a cima, a parte máis alta dun monte. Rexistrámo-los seguintes:

- *Bico*: “¡Levántate, nebra / d'o bico d'a serra” (192.1-2).
- *Cimbro*: “No cimbro d'aquela serra” (25.1), “son breñoso-los cimbros donde inverna” (195.12). Tamén: 67.8; 112.2.
- *Crista*: “E mostrándome a crista d'a montaña” (160.3).
- *Curuto, curutiño*: “Vexo a neve, vexo a neve / no curuto da montaña” (69.12), “d'a serra no curutiño” (95.8).
- *Picouto*: “onde a musa d'os picoutos / triste, com'os pinos, canta” (69.7-8).
- *Píncaro*: “N'hay píncaro en Galicia máis deserto”(210.3).
- *Testa*: “O sol y-o mar á montaña / ¡muito lle poden querer!, / coróalle o sol a testa / e bícalle o mar os pés” (141.1-4).

Para a aba, a pendente ou declive do monte rexistramos:

- *Encosta*: “ôs seixos albos d'a fragosa encosta” (140.11).
- *Ladeira*: “A Virxe “d'a Clamadoira” / vel-a alá nunha ladeira / botándoll'a bendición...” (27.1-2).
- *Lomba*: “Si a casaña ond'eu vivía / está n'unha lomba fría...” (149.6-7).

Para a parte baixa fai referencia *ós pés* da montaña, en oposición á *testa* (parte máis alta): “coróalle o sol a testa / e bícalle o mar os pés...” (141.3-4).

Ademais da montaña, aparece tamén, aínda que cun rexistro moi escaso, **o val**, terreo baixo, depresión xeográfica entre montañas: “baixarei ôs vales / quero ver as cerdeiras” (114.2-3. Tamén: 61.5-6; 108.5) e, soamente unha vez, a palabra **chaira**, extensión considerable de terreo chan ou con poucas ondulacións: “o sosego d'as chairas me namora” (200.5).

<sup>3</sup> Para a *flora*, elemento configurador da paisaxe, incluímos un apartado específico que figura a continuación deste.

## 1.2. Diferentes terreos que se configuran

Consonte á ausencia de vexetación ou á presenza dunha produción característica Noriega establece as seguintes diferenciacións:

- *Breña*. Terreo inculto cheo de mata: “Quen n’estas breñas s’embreñe / xurar pode que s’enclaustra” (80.13-14).
- *Breñal*. Terreo onde abonda a breña: “Festiña d’os breñales, linda abríla / Pois o ermo afrixe, ¡seu rigor quebranta!” (203.1-2).
- *Campo*. Denominación xenérica para o terreo extenso que está fóra das poboacións: “O Campo frorido e ledó” (122.4). Tamén: 77.1.
- *Carballeira*. Lugar poboado de carballos: “Y-as carballeiras, donde o malvís canta” (203.4).
- *Chousa*. Terra de labor cerrada: “Ó vel-o drento da chousa / foi Carmen poñerse maja” (63.5-6). Tamén: 171.6.
- *Ermo*<sup>4</sup>. Terreo pobre e solitario, de escasa vexetación: “D’o ermo silencioso, no ermo seyo” (201.9) Tamén: 92.10; 94.8; 102.2; 103.22; 107.11; 127.2; 145.3; 176.1; 177.2; 193.1; 193.10; 203.2<sup>5</sup>.
- *Fraga*. Terreo onde hai moitas árbores e mato espeso: “rapaz, morou n-as fragas recadado, / en compañía d’un can, gardand’o gado” (133.3-4).
- *Piñeiral*, *\*pinar*<sup>6</sup>. Terreo poboado de piñeiros: “A brétema, ¿tu sabes?, é ceguiña / Os piñeirales pouco a pouco explora” (170.1-2). Tamén: 139.5; 210.1; 223.3. “brétema espesa / cobre os pinares” (180.2-3). Tamén: 167.3; 194.4.
- *Pomar*, *pumariño*. Terreo plantado de maceiras ou outras árbores froiteiras: “Sal d’us pomares” (60.1); “Zreixiñas frescas, vermellas, / ledicia d’os pumariños” (91.1-2).
- *Rega*. Prado, xeralmente próximo á casa, que rega ben dunha corrente continua ou das escorras dun camiño ou dos currais: “indo pr’a rega / no chivadoiro / topei con ela” (64.2-4).
- *Restreva*. Restreba, terreo sen cultivar: “pide ligós a restreva” (206.6).
- *\*Retamal*. Xesteira, lugar no que hai xestas: “Y-o retamal (seu privado) / albas froliñas ll’ofrenda” (190.9-10).

<sup>4</sup> D’o *Ermo*, como indicabamos ó principio, é o título fundamental da obra poética de Noriega. Como se deduce do seu significado, “terreo pobre e solitario, de escasa vexetación”, é o lugar idealizado polo poeta onde habitan os seres máis pequenos e insignificantes que espertan nel un sentimento de amor e solidariedade. É moi frecuente a referencia ó *ermo* na poesía de Noriega, pero é no poema “O trono da paz” (páx. 127) onde mellor podemos atopar-la súa caracterización.

<sup>5</sup> *Ermo* aparece tamén como adxectivo (*ermo,-a*) co significado de “deserto, despoboado, solitario”: *ermo cantío* (191.11), *erma igrexia* (201.8). Tamén: 166.5; 169.8; 178.8; 201.9.

<sup>6</sup> Ó lado da forma propia *piñeiral* atopámo-la forma castelá *\*pinar*. Como vemos nos exemplos, nos nomes rematados en -l hai un uso sistemático do plural co mantemento do -l-, formas normais tanto no galego de Mondoñedo coma no galego central e occidental. Vémoslo en substantivos como *breñales*, *piñeirales*, *toxales*, etc. e noutros moitos exemplos: *pombales* (71.3), *navales* (110.11), *petruciales* (173.1), *cruelles* (216.9), etc.



- *Souto*. Terreo poboado de castiñeiros: “Y-alegra os souts, donde arrola a rula” (203.3).
- *Toxal*. Lugar onde medran os toxos: “Y-áurea pompa d’un toxal frorido” (212.4). Tamén: 98.3; 98.10; 135.16; 149.2-3.

### 1.3. Outros elementos que configuran a paisaxe norieguesa<sup>7</sup>

- *A aldea*: 78.15; 81.15; 207.3.
- *A casa*: 79.1; *as casañas* d’os labregos : 179.6; *as casonas*: 179.5; *o pazo*: 139.14; 140.2; 144.4.
- *A igrexa*: 80.11; 180.4; 201.8; *a ermita*: 150.5; 207.14; 210.4; 210.9; 235.5; *os cruceiros*: 178.3; 179.4; *o adro*: 201.8; *o camposanto*: 201.8.
- *Os carreiros*: 139.2; 203.9.
- *Os muiños*: 178.2.
- *O chivadoiro*<sup>8</sup>. Chibadodiro: 64.3.
- *Os predíos*: 139.13.
- *As covas*: 80.20.
- *As fontes*: 28.2; 78.11; 104.7; 125.1; 163.3; 176.6; 203.7; 207.11; *as fonteliñas*: 187.11; 193.4; *o pozo*: 25.2; *a pucharquiña*: 185.1; 225.6; *o río*: 13.2; *o rigueiro*: 13.4; 108.1; *o remansiño*: 144.5; 177.8; *as lagoas*: 110.5.
- *O cantiño*: 191.11; *os croyos*: 42.5; *as penas altas*: 70.14; 80.12; *os penedos*: 21.8; 129.6; 167.6; 168.2; 178.8; 194.6; 195.3; *as rocas*: 179.7 e *os seixos*: 114.10; 168.2; 195.11.
- *O niño dos paxaros*: 177.4.

Son estes os elementos que, xunto coas árbores, arbustos, plantas e flores –que veremos nun apartado específico–, configuran a paisaxe da montaña norieguesa e que conforman o marco xeográfico da súa poesía. Un mundo sinxelo, que el constrúe con palabras sinxelas levándonos, a través desta simplicidade formal, a unha visión idealizada da natureza como lugar apropiado para o compracente transcorrer da vida<sup>9</sup>. Noriega révese na comunión con esta paisaxe sinxela contemplándoa desde unha perspectiva de melancólica compracencia.

## 2. FLORA

O medio natural anteriormente visto complementábase con este apartado de seres vivos pertencentes ó reino vexetal:

<sup>7</sup> Polas limitacións do traballo non incluímos exemplos, remitímos, iso si, ós rexistros en que aparecen as palabras citadas.

<sup>8</sup> O *chivadoiro* é o lugar onde se reúne ou separan (chiban) os rabaños ó ir ou volver do pasto.

<sup>9</sup> A preferencia polos motivos sinxelos concorda co herdo da súa formación escolástica. Desde os clásicos latinos –Ovidio, Virxilio e Horacio– arrinca unha liña poética sustentada na visión idealizada da natureza. Noriega recolle esta tradición e sobe ó ermo, á montaña, para canta-la humildade das cousas.

## 2.1. Árbores

- *Abedoeira*. Bidueiro; árbore da familia das betuláceas, con follas pequenas, bicudas e dobremente serradas ou dentadas; “Nas follas novas d’as abedoeiras / tremelucen doññas de rocío” (184.5-6). Tamén: 142.6.
- *Acibro*. Acivro, acevo, xardón; árbore aquifoliácea de follas brillantes e espiñentas, e madeira branca e moi dura: “Y-ô hostile acibro que ond’a murta nace” (92.4). Tamén: 178.14.
- *Carballo*. Árbore da familia das fagáceas, de madeira moi dura, talo e pólas xeralmente retortas que dá como froito a landra: “Ás froliñas d’a urze, y-âs d’o espiño, / y-â ramaxe pomposa d’o carballo” (197.7-8). Tamén: 79.5; 127.3; 145.7; 179.3; 204.8; 211.1.
- *Castiñeiro*. Árbore da familia das cupulíferas, de froito comestible: “Auguiña d’a súa fonte, / sombra d’os seus castiñeiros” (77.8).
- *Caxigo*. Árbore das fagáceas, semellante ó carballo; aciñeira: “pra rebuldar co-as follas d’os caxigos” (200.8). Tamén: 36.5.
- *Cerdeira*. Árbore da familia das rosáceas que ten como froito as cereixas: “quero ver as cerdeiras / co-a airosa pompa d’as froiñas brancas” (114.3-4). Tamén: 121.6.  
Nunha ocasión fai referencia ó seu froito: “zreixiñas frescas” (91.1).
- *Loureiro*. Árbore de follas de cor verde escura, que nas zonas altas se planta ó redor do cerco das casas para facer de cortaventos: “Loureiriños verdes / ô redor d’a miña casa” (168.10.11). Tamén: 36.7; 47.10.
- *Pino, piñeiro*. Árbore da familia das abietáceas de tronco alto e recto e follas aguzadas agrupadas en feixes: “co-a queixa vaga d’o harmonioso pino” (195.4). Tamén: 69.8; 94.9; 128.16; 132.13; 187.9; 209.14; 226.14.  
“Xentil piñeiro, repara: / ¡Oh, canta neve o separa / d’unha cerdeiriña en flor!” (121.3-6). Tamén: 125.7; 172.2; 191.4; 207.12.  
Nunha ocasión fai referencia á súa folla, coa denominación de *frouma*: “e (de xoellos na fróuma / que xunta co angázo), deuma” (202.7-8).
- *Pravia*. Pradairo, árbore de follas anchas e lobuladas, flores pequenas en acio e madeira dura que se dá principalmente en terreos húmidos: “As sombras d’as právias” (169.7). Tamén: 104.8.
- *Salgueiro*. Árbore salicácea de pólas erectas e follas lanceoladas e sedosas, que medra especialmente en lugares húmidos: “donde se dan os bôs mozos / com’os salgueiros na lama” (169.14-15).

## 2.2. Arbustos

- *Buxo*. Arbusto da familia das buxáceas, de follas perennes, de madeira moi dura e compacta: “mociñas repinicasadas / e rapaces coma buxos” (47.5).

- *Carpaza, carpazo*<sup>10</sup>. Arbusto da familia das cistáceas, de flores amarelas que abunda nos montes baixos; carqueixa: “eses lobos d’as carpazas / si non ventan malas trazas...” (83.4-5); “as froliñas d’un carpazo” (185.5).
- *Carqueixa*. Carpaza: “Nosa Señora “de Covas” / roldadiña de carqueixas” (5.10). Tamén: 21.6.
- *Espiño*. Arbusto rosáceo de flores brancas e follas espiñentas: “no seyo d’o hirsuto monte: / ben na pola d’un espiño, / ben â beira d’unha fonte” (107.8-10).
- *Esvedro*. Érbedo; arbusto da familia das ericáceas que nace nos lugares pouco soleados dos montes baixos e dá froitos comestibles de cor vermella chamados morotes ou amorogos: “a ramaxe d’un esvedro” (185.6).
- *Murta*. Mirta, mirto, arbusto da familia das mirtáceas, de follas perennes, pequenas e duras e cheiro agradable: “y-ô hostile acibro que ond’a murta nace” (92.4).
- *Sabugo, sabugueiro*. Bieiteiro, arbusto caprifoliáceo, de flores brancas: “E por un ermo s’estende / que d’un sabugo s’ufana / y-a rosmaniño recende” (139.10-12); “No mais ermo cantiño, un sabugueiro” (191.11). Tamén: 85.4.
- *Uz, urce*. Arbusto ericáceo de follas e flores pequenas, de cor abrancazada ou encarnada, e de madeira moi dura; breixo. Só aparece unha vez a forma *uces* (35.5); nos outros rexistros atopámo-la variante *urce*: “Bendita a urce d’os montes” (163.4). Tamén: 187.7; 197.7; 201.5.

### 2.3. Plantas

- *Abrollo*. Planta do xénero *Tribulus* de talos longos e froitos esféricos cubertos de fortes pinchos e pugas: “Pisa cardos, pisa abrollos” (166.5).
- *\*Azaya*. Cantroxo, planta da familia das labiadas: “e recendentes azayas” (169.3).
- *Cabrifonllo*. Cabrifollo, cadrifollo, madreSelva, planta rubideira da familia das caprifoliáceas con flores amarelas e rosáceas de aroma intenso: “Mellor cabrifonllos / e recendentes azayas” (169.2-3).
- *Cardo*. Planta silvestre de follas espiñentas da familia das compostas, das cactáceas e das umbelíferas: “d’o bravío cardo” (127.5). Tamén: 140.8; 166.5; 178.1; 187.8; 195.14.
- *Centeo*. Planta herbácea da familia das gramíneas, con grans semellantes ós do trigo, que se cultiva en zonas altas: “Y-entr’o meu verde centeyo” (81.11).

<sup>10</sup> A partir da denominación deste arbusto, carpaza / carpazo, formará o poeta a palabra *carpazona*, designativa da muller campesiña que habita na montaña. Véxase o apartado 4.

- *Edra*. Hedra, planta rubideira da familia das araliáceas, de cor verde e folla perenne: “...viste d’édra / as informes paredes d’os muiños” (178.1-2). Tamén *yedra* (155.12).
- *Espadana*. Planta tifácea de follas semellantes a espadas: “son brancas com’a folerpa / seguidas com’a espadana” (62.9-10).
- *Fento*. Planta do grupo das criptógamas, que se caracteriza por ter follas grandes, alternas e moi divididas e, talos rastreiros e subterráneos; felgo, feito: “Sen máis amores qu’os d’un triste fento” (203.10).
- *Garnicela*. Madreselva, planta arbustiva voluble: “Garnicelas d’os fra-guellos” (62.13).
- *Liño*. Planta linácea moi empregada como materia téxtil: “Bendito o liño na estriga” (163.5).
- *Lirio*. Planta da familia das iridiáceas, con flores grandes a modo de campás de varias cores: “Y-a par d’un lirio” (143.4).
- *Mercuriao*. Mercurial, planta herbácea anual da familia das euforbiáceas, con follas lanceoladas e de marxe dentada e, flores verdosas. O seu zume emprégase como purgante: “c’os marcuriaos, co-a nocella” (173.13).
- *\*Musgo*. Carriza, brión, mofo que medra nos lugares húmidos enriba das pedras, no chan, na cortiza das árbores, etc.: “É ¡cousiña humilde!, o musgo” (179.1). Tamén: 178.8.
- *Nocella*. Planta gramínea con nós na raíz que se estende rapidamente sendo moi nociva para a agricultura; herba das doas: “c’os marcuriaos, co-a nocella” (173.13).
- *Rosmaniño*. Romeo, planta labiada de follas estreitas e escuras e flores li-liáceas que se presenta normalmente coma un arbusto. É moi recendente e ten propiedades medicinais: “y-a rosmaniño recende” (139.12).
- *Silva, silveira*. Nome xenérico de varias plantas rosáceas, de talos longos, delgados e espiñentos, e follas redondas e espiñentas; o seu froito é a amora: “inda que as silvas o prenden” (188.7). Tamén: 29.3; “deixádeas entr’as silveiras” (83.2).  
Nunha ocasión fai referencia ó seu froito: “para evocar, entr’eles, meigas horas / en qu’ensartei amoras, / e, radiante de gozo, fun ôs grilos” (136.10-12).
- *Toxo*. Planta arbustiva de follas espiñentas e flores amarelas de un a dous metros de altura: “Y-ama a flor mareliña, porqu’ é triste, / Y-a presenza d’o toxo porqu’ é bravo” (195.7-8). Tamén: 62.3; 98.2; 107.14; 175.4; 181.20; 188.6; 206.5.
- *Xesta*. Planta arbustiva leguminosa de talo leñoso de cor verde, con moi-tas pólas delgadas e flexibles, e de flores brancas e amarelas: “as froidas

xestas d'a montaña" (61.2). Tamén: 78.6; 85.16; 95.4; 96.8; 116.4; 132.2; 164.2.

## 2.4. Flores

- *\*Amapola*. Papoula, flor da papoula: “roxas com’as amapolas” (52.17).
- *Azucena*. Flor da planta do mesmo nome; é branca, grande e moi olorosa: “Émulo d’os perfumes d’azucena” (191.8). Tamén: 225.10.
- *Rosa*. Flor da roseira: “fresca rosa” (119.1). Tamén: 120.3; 132.12; 225.13.

Ademais destas, citadas nominalmente, aparece outra denominación xenérica para as flores da montaña que son as súas preferidas: *frolañas brañegas* (87.13), *froles selvasas* (144.14), *exemplares frolañas* (199), *flores do ermo* (193.1), etc. Entre estas merecen mención especial:

- *A flor do toxo*, “froles d’ouro” (85.11). Tamén: 98.2; 54.11-12; 149.2-3; 195.7; 212.4. e
- *As flores albas das xestas*, 61.2; 78.6; 95.4; 96.8.

## 3. FAUNA

Formando parte da vida montañesa aparecen os animais, que configuran unha paisaxe vivinte, fermosa e esgrevia. Encontramos:

### 3.1. Aves

As aves están bastante presentes nos poemas de *D’o Ermo*. Aparecen nominalmente citadas as seguintes:

- *Bubela*. Ave insectívora da familia dos upúpidos, de cheiro moi desagradable: “Vai alto o sol pousa a cesta, / bubeliña d’a montaña...” (116.1-2).
- *Coruxa*. Ave de rapina nocturna, considerada de mal agoiro: “oy’ô merlo, encantado, / y-a funérea coruxa ponme grima” (135.5-6).
- *Corvo*. Estornión, paxaro córvido de cor negra: “Bando agoreiro de corvos / asoma ô lonxe, solene” (187.8-9). Tamén: 195.10.
- *Estornelo*. Paxaro da familia dos estúrnidos: “alí van os estornélos, ¡xente d’o vento!” (43.15). Tamén: 45-10.
- *Galo*. Ave macho da orde das galináceas: “Pretiño d’el canta o galo” (206.13). É a única ave doméstica que aparece citada, e neste único rexistro.
- *Gueivota*. Ave palmípede que vive nos ríos, costas ou lagos: “fuxen pr’a terra as gueivotas” (111.4). Tamén: 113.2; 168.12. É a única ave mariña que rexistramos.

- *Laberca*. Ave pequena, granívora da familia dos aláuidos, de cor parda e ventre branco: “Laberquiña que t’axotas / d’as degaradas gueivotas” (113.1-2).
- *Malvís*. Especie de tordo de pluma verde escura: “Yás carballeiras, donde o malvís canta” (203.4).
- *Merlo*. Paxaro dentirrosto; cochoxa, cochorra: “Os meus amores / traen ôs merlos nas palmas” (168.13-14). Tamén: 135.5).
- *Pazpallár*<sup>11</sup>. Ave galinácea común nos nosos campos desde principio do verán, emigrando no outono: “o pazpallár ledo canta” (81.12).
- *Pintasilgo*. Paxaro cantor; xílgaro: “Donde o lobo ten o tobo / –pintasilguiño no ovo– / vai drento d’os corazóns” (171.1-3).
- *Pomba*. Ave de tamaño medio, cabeza pequena, pico e ás curtas, cola longa e dedos libres: “Pombiña branca” (146). Aparece cun uso metafórico para se referir a unha moza pastora.
- *\*Ruisseñor*. Rousinol, paxaro dos dentirrostros, célebre polo seu canto: “Y-os requebros d’os meigos ruisseñores” (193.3). Tamén: 191.15.
- *Rula*. Ave migratoria columbiforme: “Y-alegra os soutos, donde arrola a rula” (203.3).

Ademais destas, que aparecen nominalmente citadas, fala Noriega do *paxariño*: “E cando ás maus d’o Filliño / vai pousarse un paxariño / asegura...” (120.9-11). Tamén: 165.4 e 123.5.

Todas, agás a *coruxa*, o *corvo* e as *gueivotas*, aparecen con connotacións positivas, contribuindo á creación dun medio agradable, ben polos seus cantos, ben pola súa presenza.

### 3.2. Insectos

- *Grilo*. Insecto ortóptero de cor negra que produce un son estridente: “e, radiante de gozo, fun ôs grilos” (136.12).
- *Vagalume*. Insecto nocturno; lucecú, vella das papas: “pra que c’os vagalumes e co-as contiñas / d’a rosada non linden as estreliñas” (124.5-6). Este mesmo insecto aparece coa denominación *verme de luz*: “É un vermiño de luz o amigo caro / D’o meu núme saudoso” (132.9-10). Tamén: 135.9.
- *Volvoreta*. Bolboretta, insecto voador lepidóptero con ás de cores vistosas; papoia: “como unha volvoretiña / se pousa...” (225.3-4).

### 3.3. Animais domésticos

- *Año*. Cría da ovella; cordeiro: “Y-entraremos com’añiños” (83.3). Aparece como símbolo da submisión.
- *Bacoriño*. Porco pequeno; leitón: “con cortellos, pra criar / dous bacoriños d’a teta” (41.17-18).

<sup>11</sup> Noriega emprega a variante *pazpallar*, documentada nunha boa parte da provincia de Lugo, fronte á máis estendida *paspallás* da que existen moitas variantes en galego: *cascallás*, *pantallás*, *parpallás*, etc.

- *Boi*. Animal macho vacún, castrado, que se dedica ós labores agrícolas: “e pr’os bois nas manxadoiras” (205.7). Tamén: 74.1; 116.9.
- *Cabalo*. Mamífero équido de carga: “Ahí ven San Martiño / no seu cabaliño” (192.3-4).
- *Cabra*. Mamífero ruminante femia, da familia dos bóvidos, de pelo áspero e cornos curvados: “Ó menos eu non coñezo / outra que teña máis cabras” (78.5-6).
- *Can*. Mamífero carnívoro doméstico: “en compañía d’un can, gardand’o gado” (133.4) Tamén: 128.13 e 182.23.
- *Cocho*. Mamífero paquidermo doméstico; porco: “Vai descalzo ás feiras / ond’os cochos durme / e sin luz se deita” (67.7-9).
- *Ovella*. Mamífero ruminante femia, da subfamilia dos ovinos e da familia dos bóvidos: “Cantaruxando os rapaces / marchan detrás d’as ovellas” (205.5-6). Tamén: 54.11; 78.7; 163.8; 173.11.
- *Rancho*. Mamífero paquidermo doméstico; cocho, porco: “Ánimas e San Antonio / m’os defenda: ¡dous ranchiños, / que trouxo a muller d’a feira...” (51.5-7).
- *Vaca*. Mamífero ruminante femia, da familia dos bóvidos, que se emprega como animal de traballo e para aproveita-lo seu leite, a súa carne, etc.: “Unha música lle reina: / a d’as esquilas das vacas” (78.9-10).
- *Xato*: Cría da vaca; cuxo, tenreiro: “Y-hay un netiño que chora / Y-on xato, ceibo, que breca” (206.15-16).

### 3.4. Animais do monte<sup>12</sup>

- *Cobra*. Réptil ofidio sen pés, de corpo cilíndrico e longo: “d’as cobras que de noite maman nas vacas” (44.8).
- *Lobo*. Mamífero carnívoro da familia dos cánidos. É o máis frecuente na poesía de Noriega: “Y-o ulular asobiado / d’os lobos, fúrtalle a calma” (79.15-16). Tamén: 70.4; 83.4; 97.4; 115.1; 121.3; 124.2; 173.11; 174.1; 188.8; 210.11.
- *Teipa*. Toupa; mamífero insectívoro, subterráneo e cego; toupeira: “¡com’as teipas me quede si cho conozo!” (45.14).

### 3.5. Invertebrados

- *Araña*. Arácnido que segrega fíos de seda cos que tece unha especie de tea: “Ou d’as redes d’araña un ténue fio / Toda humilde beleza me namora” (132.7-8).
- *Verme*. Invertebrado de corpo brando; coco, bichoco, becho: “¡Es un vermeño? Deixa que ch’eu cante” (193.12). Tamén: 97.1; 189.11; 226.10.

<sup>12</sup> Aparecen citados outros dous animais que se incluírían neste apartado: *raposo* e *zorro*, pero son dous substantivos que teñen sentido figurado, referido ás persoas, e, polo tanto, cunha acepción de “persoa astuta e mal intencionada”. Véxase *raposo* (66.7) e *zorro* (83.10).

Como suxeitos da acción fundamental que transcorre na montaña sobresaen os tipos humanos, as personaxes que viven neste medio. É a xente da montaña a que salvagarda a tradición e coa que o poeta se identifica. Aparecen estes referentes:

- *Brañega*. Muller campesiña que habita na montaña: “ós vinte c’unha brañega / saleu d’a igrexa casado” (68.3-4). Tamén: 52.14. O poeta designa así ás mozas montañesas que el amou na súa mocidade e, como sinónimos, emprega: *carpazona* (ver máis abaixo); *garridas rapazas* (78.8.); *moza churrusqueira* (92.5); *moza montañesa* (40.2; 52.1.); *serranas* (69.18; 92.5); *toscalleironas rapazas* (69.4). Son as “*esforzadas mulle- res*” ás que lles dedica moitos dos seus versos, entre os que cabe desta- ca-lo poema así titulado (pp. 69-70). Son mulleres fortes, rexas, total- mente integradas no seu medio.
- *Brañego*. Home campesiño que habita na montaña: “Eses gallardos brañe- gos / que contestaban ós cegos” (38. 16-17). Tamén: 58.3; 105.1; 107.1; 174.14. Emprega como sinónimos: *labregos* (180.17; 182.13; 183.6); *montañés* (82.24; 84.11), *moradores dos agros* (119.9-10); *lamote* (ver máis abaixo) e *paisanos* (78.1 e 84.29).
- *Carpazona*. Palabra formada a partir de *carpaza* ou *carpazo* (arbusto da familia das cistáceas, de flores amarelas e que abunda nos montes bai- xos). É, xunto con *brañega*, o designativo máis característico utilizado polo autor para referirse á muller campesiña que habita na montaña: “pensei qu’estaba na feira / de Gontán, xunto d’aquelas / carpazonas como estrelas / que bailaban a muiñeira” (52. 7-10). Tamén: 39.3; 70.5; 86.3; 140.1; 203.14.
- *Cura*. Crego, sacerdote: “O vello cura, home xusto...” (84.19).
- *Chairego*. Habitante da chaira: “E non vexo no feirón / o chairego farfan- tón / y-a carpazona xentil” (39.1-3).
- *Frauteiro*. Home que toca a fruta: “toca o frauteiro” (43.9).
- *Gaiteiro*. Home que toca a gaita: “runfra o gaiteiro” (83.20).
- *Labrego*. Ver *brañego*.
- *Lamote*. En sentido figurado, home rústico: “un lamote de Galicia / tre- maba com’o vincallo / diant’as barbas d’un godallo” (37.12-14).
- *Neno*. Persoa de poucos anos: “pr’o monte os nenos / van co-as ovellas” (181.5-6). Outras veces emprega *rapaces* (205.6) e *rapaciños* (43.13; 83.22; 210.14).
- *Pastora, pastor*. Persoa que coida o gando; pegureiro: “Linda serrana, moza churrusqueira, / Que nos montes d’Argán eres pastora / E no Fondal d’a Graña tecedeira” (92.6-8). Tamén: 92.73; 102.5; 119.7; 146.4.



- *Pegureira*. Persoa que coida o gando; pastora: “Lembranzas son de lindas pegureiras” (209.5).
- *Peilau*. Pailán, home rústico e ignorante: “Facendo cruces no chau / co-a sua moca o peilau / jaganchaba por vencela!” (39.5-7).
- *Pelellón*. Home rústico: “figurand’o que non é / un pelellón d’o lugar / vai á vila pra tomar / c’os bachilleres café” (35.7-10).
- *Petrucio*. Patrucio, home vello: “Alí van os petrucios, qu’aran a terra” (43.17). Tamén: 82.18.
- *Pícaro*. Rapaza nova: “ou s’as pícaras novas, máis dadiveiras, / máis cadelas tiveran nas faldriqueiras” (43.11-12).
- *Segador*. Persoa que sega: “ô par dos segadores” (211.11).
- *Vella*. Muller de idade avanzada: “alí van as vellas tolas falar de santos” (44.3). Tamén: 84.1; 133.2; 133.11.
- *Vilega, vilego*. Veciños ou naturais dunha vila<sup>13</sup>: “¡entre cantas vilegas se lev’a palma!” (44.22). Tamén: 82.8.
- *Vinculeiro*. Fillo mellorado dunha familia: “¡Est’é o vinculeiro / d’o cimbro d’a serra!” (67.10-11).
- *Xirifeira*. Muller fina e buliceira: “Díxenll’á unha xirifeira / ¿quéresme levar ó lado / pra entrar pomposa na feira?” (75.1-3).
- *Xornaleiro*. Persoa que traballa a xornal: “nin se vía un xornaleiro / entr’as gadoupas d’a usura” (37.9-10).

## 5. ROUPA E CALZADO

- *Dengue*. Peza de roupa feminina que cobre a parte superior do corpo; as súas puntas crúzanse diante do peito e abotóanse no lombo: “¿Tes un dengue colorado?, / non podes ter millor cousa”. Tamén: 6.14; 12.6; 33.5; 131.6.
- *Camisa*. Peza de vestir que cobre o torso; chambrá: “¿que camisa lle dispoño / a de seda, ou a d’holanda” (63.11). Tamén: 73.18.
- *Cirigolas*. Cirolas, calzóns longos que cubrían as coxas por completo pero sen chegar ós pés: “Qu’o frauteiro de Zoñán, / anque viste cirigolas, / en tendo a fruta na man...” (47.12).
- *Faldriqueira*. Bolso pequeno que levaban as mulleres debaixo da saia ou da camisa: “ou s’as pícaras novas, máis dadiveiras, / máis cadelas tiveran nas faldriqueiras” (43.11-12). Tamén: 5.24; 75.5.

<sup>13</sup> *Vila* era como popularmente se denominaba nas parroquias da Montaña á cidade de Mondoñedo.

- *Farrapo*. Roupas vellas e rachadas; trapo: “N-us farrapos envolto, ¡meu nenño!” (133.1).
- *Fatelo*. Peza de vestir que levaban as mulleres por encima da saia e debaixo do mandil: “¡seña o fateliño novo / con que t’eu vexa no ceño!” (129.8-9).
- *Mandil*. Peza de roupa que se coloca por riba doutra como protección: “A incredulidade hostil / tapa a cara c’o mandil” (173.6-7).
- *Mantela*. Peza de roupa coa que cobren as mulleres a cabeza e as costas: “...entrou no carro / sacudindo a mantela” (48.10). Tamén: 181.2).
- *Mantelo*. Peza de roupa en forma de capa que se ata á cintura e protexe a parte dianteira de medio corpo para abaixo: “na vida dos meus abós / un mantelo ¡era un tesouro!” (33.12-13). Tamén: 29.11.
- *Monteira*. Peza de roupa para abrigo da cabeza, xeralmente de pano ou la: “fun o vinteito á feira / e non vin unha monteira / nin un dengue colorado” (33.3-5).
- *Pano*. Peza de tea con que as mulleres cobren a cabeza: “Teu paniño encarnado me namora / Linda serrana...” (92.5-6).
- *Saya*. Saia, Peza de roupa feminina que, cinguida á cintura, cobre as pernas: “¡e íspense pra entrar nos rolos / sin andar erguendo as sayas!” (70.19-20).
- *Xustillo*. Peza de roupa interior feminina sen mangas; corpiño: “desfix’o seu xustilliño / pra me facel-o meu” (29.15-16).
- *Zoca*. Calzado de madeira dunha soa peza rematado en punta: “¡Y-a facer pares de zocas!” (41.19). Tamén: 45.18.
- *Zoco*. Calzado de coiro con piso de madeira: “Pr’aforral-os zocos / vai descalzo ás feiras” (67.6-7).

## 6. INSTRUMENTOS E LABORES AGRÍCOLAS

### 6.1. Instrumentos

- *Angazo*. Instrumento en forma de peite que serve para xuntar palla, herba, estrume, etc.; anciño: (“e de xoellos na fróuma / que xunta co angazo), déuma” (202.7-8).
- *Arado*. Instrumento para abrir regos na terra: “Y-abría sucos c’o arado” (37.5). Tamén: 163.9.
- *Carro*. Vehículo de tracción animal: “que teño dous bois na corte / pra me levaren o carro” (116.9-10). Tamén: 42.13.
- *Criba*. Utensilio para limpar de corpos estraños os grans, as sementes, etc.: “axíran na criba as aveas” (206.14). Tamén: 107.3.

- *Enciño*. Anciño, angazo: “e si o mar n’a cuspe fora / enciños hay pra cortical-a” (70.17-18).
- *Eixado*. Aixada, ferramenta formada por unha pa de ferro colocada perpendicularmente nun dos cabos do mango: “sin quitá-las maus d’o eixado” (174.6). Tamén: 68.5.
- *Fouce*. Ferramenta formada por unha folla de ferro curva con mango de madeira: “Y-os toxos demandan fouces” (206.5). Tamén: 189.1.
- *Fouciña*. Fouce de folla estreita e mango curto: “entr’as que pra sega van, / fouciña d’ouro su brazo...” (7.19).
- \**Ligón*. Legón, aixada de pa máis longa e estreita cá normal: “pide ligós a restreva” (206.6).
- *Maza*. Instrumento que se emprega para mazar: “¡peor non fora si c’unha maza / me desen golpes pra me matar” (214.4-5).

## 6.2. Labores

- *Fía*. Acción de fiar: “Baixan cantando pr’a fía” (208.3). Tamén: 94.12.
- *Malla*. Acción e efecto de malla-los cereais: “cando volvemos pr’a malla / de xantar con carn’e viño” (50.9-10).
- *Sega*. Acción de segar; seitura, ceifa: “Neniño chamou o gado; / ós dez anos foi á sega” (68.1-2). Tamén: 7.18.

Encontramos outros sintagmas que fan alusións a labores agrícolas: *suca-las terras* (205.10); *desbrava-la terra* (205.2).

## 7. ELEMENTOS ATMOSFÉRICOS

- *Aire*. Vento, ar: “Ufánase d’aires puros” (78.9). Tamén: 85.18; 106.3.
- *Auga*. Refírese sempre á chuvia: “Sol a queima, y-auga a molla” (166.1); “Y-esa que a y-auga / cai ás caldeiras” (181.7-8).
- *Brétema*. Condensación do vapor de auga na atmosfera; néboa: “Tod’está cego: / brétema espesa / cobr’os pinares” (180. 1-3). Tamén: 83.15; 132.1; 166.12; 170.1; 197.4; 201.3; 210.2. Aparece tamén o sinónimo *nebra* (ver máis abaixo).
- *Folerpa*. Partícula de neve que cae: “É de prat’a folerpiña” (164.1). Tamén: 114.13; 190.2.
- *Nebra*. Néboa. Só aparece un rexistro; predomina a forma *brétema*, anteriormente vista: “¡Levántate, nebra; / d’o bico da serra!” (192.1-2).
- *Neve*. Auga xeada que cae en forma de folerpas: “Vexo a neve, vexo a neve / no curuto d’a montaña” (69.1-2). Tamén: 70.10; 85.11; 92.13; 104.1; 110.6; 150.10; 183.2; 187.3; 195.14; 210.11.

- *Nordesía*. Vento fresco do norte: “loitando co-as nordesías / que lles fan verqué-las bágoas” (70.15-16).
- *Nube*. Condensación do vapor de auga no aire por diminución da temperatura atmosférica: “cándidas nubes m’a velan” (190.8).
- *Orballo*. 1) Chuvia miúda e persistente que ten aparencia de néboa; 2) relento nocturno que molla: “Mais me desulumbra o orballo / que transforma un toxal en xoyería” (135.14-15). Tamén: 138.1; 145.8; 197.4.
- *Pedrazo*. Sarabia forte con pedra de groso tamaño, prexudicial para as colleitas: “d’o pedrazo, que murchas pon as patacas” (44.7).
- *\*Rocio*. Orballo: “Fulgurante doña de rocío” (132.3).
- *Saraíva*. Sarabia, auga conxelada que cae en forma de gran; pedra, pedrazo: “Viste d’inverno corozza / pra resistir a saraíva” (79.13-14).
- *Sol*. Calor que procede da estrela central do noso sistema solar planetario: “dáll’o aire, dáll’o vento, / dalle a raziña d’o sol” (26.23-24). Tamén: 166.11. Aparecen moitas outra referencias ó sol, pero como astro.
- *Trebón*. Chuvia repentina, abundante e de curta duración: “De vrau ergue as maus ô Ceyo / si os trebós no na asolagan” (79.17-18).
- *Trono*. Estrondo producido por unha descarga eléctrica na atmosfera: “que si se tumba no escano / inda os tronos n’a despertan” (205.13-14).
- *Xistra*. Vento moi frío mesturado con auga e neve: “corre tal xistra / que as maus degresa” (180.7-8).
- *Zarzallos*. Chuvia miúda: “Vagaroso chover... Este zarzálo / Que alxófares espalla, de mansiño” (197.1-2).

## 8. BAILES E INSTRUMENTOS MUSICAIS

### 8.1. Bailes

- *Muiñeira*. Baile popular que executan unha ou máis parellas soltas e con diversas mudanzas: “-¡Faigo ben!, pol-o d’hoxe, sonche solteira. / -Pois destoncias... beilémol-a muiñeira” (76.13-14). Tamén: 49.3.
- *\*Ribeirana*. Ribeirá, baile popular, típico da comarca do Ribeiro: “...runfra o gaitero / tocad’ unha ribeirana” (83.20-21).

### 8.2. Instrumentos musicais

- *Bombo*. Instrumento de percusión que se fai soar cun mazo: “mais pr’as romaxes procura / o bombo, o tambor y-a gaita” (79.11-12). Tamén: 81.5.
- *Castañolas*. Instrumento de percusión composto de dúas pezas cóncavas de madeira, ligadas cun cordel ós dedos que as fan bater unhas contra outras: “a miña lev’o pandeiro / e a tua as castañolas” (19.3-4).

- *Frauta*. Instrumento de vento, en forma de tubo con varios buracos redondos que se tapan cos dedos ou con chaves: “d’os salouquiños d’a frauta” (69.12). Tamén: 47.7; 47.13; 69.12; 103.21.
- *Gaita*. Instrumento músico de vento formado por un fol e varios tubos: “¡espertade, vos pido!, soa a gaita” (61.4). Tamén: 35.4; 78.12; 128.5.
- *Pandeireta*. Instrumento de percusión formado por unha armazón circular rixida, na que van as ferreñas, e cuberta por un lado cunha pel: “ouvín o ruxe-ruxe d’a panteireta” (43.2).
- *Pandeiro*. Instrumento de percusión cunha estrutura rixida cilíndrica cuberta con pel polos dous lados: “a miña lev’o pandeiro / e a tua as castañas” (19.3-4). Tamén: 47.6.
- *Tambor*. Instrumento de percusión formado por unha caixa cilíndrica, oca, cuberta polas súas bases cunha pel moi estirada: “o bombo, tambor y-a gaita” (79.12).

## BIBLIOGRAFÍA

- Carballo Calero, R., *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo, 1981, 3ª ed.
- Freixeiro Mato, X. R. *A cara oculta de Noriega Varela (biografía e textos esquecidos)*, Laiovento, Santiago de Compostela, 1992.
- *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da Obra Completa*. Servicio de publicacións da Deputación Provincial, Lugo, 1994.
- Iglesia Alvariño, A., “*A lingua dos poetas do norte de Lugo*”, R.A.G., A Coruña, 1964.
- *Noriega Varela, poeta da montaña*. Galaxia, Vigo, 1969.
- Otero Pedrayo, R., *O libro dos amigos*. Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, Buenos Aires, 1953.
- “Limiar” a *D’o Ermo*, Escolma. Publicacións da Real Academia Galega, A Coruña, 1969, pp. 9-21.